



Acordo de Consello de Goberno, de 24 de xullo de 2026, polo que se aproba o calendario para a tramitación das modificacións non substanciais das titulacións oficiais de grao e mestrado da Universidade da Coruña impartidas en centros con acreditación institucional (implantación no curso 2027/28)

O artigo 26, así como os artigos 32 e 33 do Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, establecen o procedemento aplicable á verificación e modificación dos plans de estudos das ensinanzas universitarias oficiais de grao e mestrado.

Así mesmo, o procedemento para a solicitude de modificacións nos títulos verificados de grao e máster da ACSUG determina os cambios que poden considerarse modificacións substanciais e o tratamento das propostas que, pola súa entidade, requiran a verificación dun novo título.

Pola súa parte, o procedemento para a modificación substancial de títulos de grao e mestrado impartidos na UDC, aprobado polo Consello de Goberno o 1 de outubro de 2024, establece os pasos que deben seguir os centros, estean ou non acreditados institucionalmente.

Co fin de posibilitar a implantación no curso 2027/28 das modificacións non substanciais dos títulos oficiais impartidos en centros con acreditación institucional, elaborouse un documento que establece o calendario e o procedemento interno para a súa tramitación.

Polo exposto, o Consello de Goberno, na súa sesión de 24 de xullo de 2026, acordou a aprobación do calendario para a tramitación das modificacións non substanciais das titulacións oficiais de grao e mestrado da Universidade da Coruña impartidas en centros con acreditación institucional (implantación no curso 2027/28), que figura como Anexo.

O reitor



Calendario para tramitar modificacións non substanciais das titulacións oficiais de grao e mestrado da Universidade da Coruña impartidas en centros con acreditación institucional (implantación no curso 2027/28)

O [Real decreto 822/2021](#), do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzaas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, establece nos artigos 26, 32 e 33 o procedemento que deben seguir as universidades tanto para verificar como para modificar de xeito substancial os plans de estudos de ensinanzaas oficiais de grao e mestrado.

O [procedemento para a solicitude de modificacións nos títulos verificados de grao e máster da ACSUG](#) determina cales son os cambios na memoria de verificación dos títulos de grao e mestrado que poden considerarse substanciais. Ademais, establece que se a proposta de modificación que se presenta supón, a xuízo das comisións de avaliación da ACSUG, un cambio que requira o deseño dun novo título, esta axencia emitirá un informe en que instará a verificalo.

Pola súa parte, o [procedemento para a modificación substancial de títulos de grao e mestrado impartidos na UDC](#), aprobado polo Consello de Goberno o 1 de outubro de 2024, establece os pasos que deben seguir os centros, estean ou non acreditados institucionalmente.

Este documento ten por finalidade establecer o calendario e o procedemento interno para a tramitación das modificacións non substanciais dos títulos oficiais impartidos en centros con acreditación institucional co fin de posibilitar a súa implantación no curso 2027/28.

1. Procedemento

As propostas tramitaranse de acordo co calendario establecido no punto 2 deste documento, seguindo o procedemento que se indica a continuación.

1.1 Elaboración e aprobación da proposta.

A xunta de centro, por iniciativa da comisión da titulación, da comisión académica do centro ou da vicerreitoría con competencias en materia de títulos, aprobará a proposta de modificación da memoria do título, que seguirá o modelo: [Formulario de solicitude para modificacións non substanciais](#) publicado na páxina web da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización (VTI).

1.2 Tramitación institucional

A proposta, xunto co informe favorable, preceptivo e vinculante elaborado polo Sistema Interno de Garantía da Calidade (SIGC) do centro (anexo I), remitirase á VTI nos prazos establecidos neste calendario.



A Comisión de Plans de Estudos analizará a proposta e emitirá un informe non vinculante, que lle será remitido ao Consello de Goberno para a súa aprobación.

1.4 Incorporación á memoria

Unha vez aprobada a proposta polo Consello de Goberno, o centro incorporará as modificacións á memoria do título na aplicación do ministerio con competencias en materia de universidades.

2. Calendario de tramitación

Modificacións non substanciais dos títulos oficiais de grao e mestrado impartidos en **centros con acreditación institucional** (implantación no curso 2027/28)

Data límite	Órgano responsable	Actuacións que debe realizar o órgano responsable
23 de outubro de 2026	Xunta de centro (XC)	Remitir á vicerreitoría con competencias en materia de títulos a proposta de modificación, xunto co informe favorable do SIGC certificado pola/o secretaria/o académica/o do centro.
13 de novembro de 2026	Servizo de Organización Académica (SOA)/Unidade Técnica de Calidade (UTC)	Revisar as propostas de modificación.
Novembro de 2026	Comisión de Plans de Estudos	Emitir informe sobre as propostas de modificación.
Novembro de 2026	Consello de Goberno	Aprobar as propostas de modificación non substanciais.
Decembro de 2026	Responsable do título e vicerreitoría con competencias en materia de títulos	Incorporar as modificacións na aplicación do ministerio con competencias en materia de universidades.



Anexo I: Modelo de informe para o Sistema Interno de Garantía de Calidade do Centro polo que se valida a modificación non substancial

Reunida a _____ da Facultade/Escola de _____, na súa sesión do ____ de ____ de 20____, e unha vez analizada a proposta de modificación non substancial do plan de estudo correspondente á titulación:

- Graduado/a en
- Mestrado Universitario

ACORDA

1. Emitir informe favorable á proposta de modificación non substancial presentada, unha vez constatado que
 -
 -
2. Validar o formulario de solicitude de modificación non substancial que se remite xunto con este informe, para a súa remisión aos órganos competentes a efectos de tramitación.

Para que así conste, aos efectos oportunos, ...

O/A (Os/As) Secretario/a(os/as) da Facultade/Escola (das Facultades/Escolas)